

Nº EXPEDIENTE	DNI/NIF	SOLICITANTE	UNIVERSIDADE	MOTIVO DENEGACION
2006/000273-0	46905274V	BERMUDEZ POSE, ROBERTO	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000234-0	46915747W	BOUZAS LESTON, MARIA GLORIA	UDC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000038-0	44472767J	CABRERA CRESPO, ALEJANDRO	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000112-0	44840536N	CAINZOS ACHIRICA, MIGUEL	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000275-0	33344394Y	CARBALLO SANCHEZ, RODRIGO	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000166-0	09440958X	CASES PALACIO, LUCIA	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000121-0	05527711Y	CHAGURI CARVALHO, LIVIA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000184-0	47354662P	COSTA LOPEZ, ALBA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000216-0	53163997A	COTELO GARCIA, ROSALIA	UDC	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2006/000229-0	45872884M	CUIÑAS LEON, KARINA	USC	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2006/000144-0	76929579F	DE LA MATA POMBO, RAUL	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000201-0	33299510H	DEVESA REY, ROSA	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000257-0	32817084V	DIAZ GRANDIO, DANIEL	UDC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000007-0	44465899E	DOPAZO IGLESIAS, MARCOS	UDC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000210-0	70868874D	ESPIÑA BARBEITOS, BEGOÑA	USC	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2006/000274-0	76825931C	FAILDE GARCIA, LUIS DANIEL	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000032-0	36121498K	FEIJOO COVELO, YAZMINA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000125-0	46906645P	FERNANDEZ DOCAMPO, LORENA	UDC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000165-0	07366639S	FRAGA CASTILLO, CARLOS ALBERTO	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000272-0	5993695X	GALINDEZ, JUAN MANUEL	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000203-0	44462863E	GAMALLO LAMA, PATRICIA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000154-0		GARCIA PARDELLAS, PATRICIA	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000167-0	33329444Y	GAYOSO LOPEZ, BORIS	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000245-0	76897949W	GIL CASAL, SANDRA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000170-0	44481194E	GONZALEZ CASADO, MARIA DEL PILAR	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000132-0	36125186Y	GONZALEZ CERDAN, EDUARDO	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000264-0	36167296A	IGLESIAS GONZALEZ, PAULA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000232-0	53160249G	JARAZO ALVAREZ, RUBEN	UDC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000071-0	44480941E	JUSTICIA GRANDE, ROSA MARIA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000259-0	77406247T	JUSTO ALONSO, IAGO	USC	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2006/000139-0	33538989K	LEGASPI IRIMIA, SANTIAGO	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000199-0	34636439A	LESTEGAS PEREZ, CRISTINA	USC	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2006/000051-0	46913862A	LOPEZ-SORS CANO, Mª CRISTINA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000005-0	34983669W	LUACES VAZQUEZ, ANTONIO	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000256-0	76932715S	MARTINEZ CRESPO, GONZALO	UDC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000149-0	32828926Z	MONTERO SOTO, PABLO	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000191-0	44465999F	NOVOA GONZALEZ, ELISABET MARIA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000222-0	36172910M	OJEA FDEZ-COLMEIRO, ELENA	UDC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000188-0	78736570A	PIÑEIRO VIDAL, MAXIMINO	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000190-0	76579445W	PRADO GESTO, PAULA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000063-0	34995746G	QUELLE VIDAL, IRIA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000080-0	76826448P	REY FERNANDEZ, ROCIO	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000022-0	76725760Z	RIVERA SOBRADO, MARIA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000231-0	53165057M	RODRIGUEZ GARCIA, RITA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000078-0	44453400N	RODRIGUEZ LOSADA, ROCIO	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000196-0	32838099X	RODRIGUEZ RACEDO, JOSE	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000012-0	35566879R	RODRIGUEZ ROCHA, MA DEL MAR	UVIGO	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000258-0	76928660P	ROSA MARTINEZ, JOSE LUIS	USC	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2006/000140-0	34984983M	SAA IGLESIAS, MANUEL	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000253-0	46895148B	SALIDO ANDRES, NOELIA	UDC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000244-0	46906139P	SANCHEZ BARREIRO, ESTEFANIA	UDC	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2006/000211-0	44836380L	SANTOS PALMOU, XANDRA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000050-0	76867310E	SERANTES ABALO, DAVID	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000054-0	06226152Y	SOARES DA CUNHA FILHO, MARCILIO	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000202-0	79310975Y	TABOADA DIAZ, FCO. JAVIER	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000175-0	07402964T	TORRES LOPEZ, EDELINA ROSA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000157-0	33542389V	VAZQUEZ LOSADA, MARIA	USC	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2006/000269-0	33351411P	VILAR FARIÑAS, MANUELA	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000176-0	6773720J	WIERSMA, MARK ALAN	USC	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2006/000006-0	32692553P	YAÑEZ CANDALES, EVA	UVIGO	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA

*Resolución do 27 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2006-2007.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio), establece no seu capítulo V as directrices xerais da formación profesional inicial.

O Real decreto 362/2004 (BOE do 5 de marzo) establece a ordenación xeral da formación profesional específica.

O Decreto 239/1995, do 28 de xullo (DOG do 16 de agosto), establece para a Comunidade Autónoma de Galicia a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos, define a estrutura común da ordenación académica dos títulos profesionais e establece as

finalidades do módulo de formación en centros de traballo. No artigo 17 deste decreto establécense os criterios para a avaliación do alumnado que cursa un ciclo formativo (concretamente, para o módulo de FCT) e indícase tamén que a superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos e en cada un dos módulos profesionais que o compoñan.

O Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e a Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, establecen a organización e o funcionamento dos institutos de educación secundaria.

Os procedementos de admisión a ciclos formativos están regulados para a Comunidade Autónoma de Galicia pola Orde do 24 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio), que regula o procedemento para a admisión do alumnado no bacharelato e nos ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio en centros sostidos con fondos públicos, e pola Orde do 12 de abril de 2002 (DOG do 29 de abril), que regula a admisión de alumnado nos ciclos formativos de formación profesional específica de grao superior en centros sostidos con fondos públicos.

A Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo, con corrección de erros no DOG do 23 de xullo), pola que se regula o desenvolvemento en réxime ordinario e de persoas adultas dos ciclos formativos de formación profesional específica, recolle a experiencia da implantación anticipada destas ensinanzas e establece o marco normativo en que se han desenvolver os ciclos formativos de formación profesional específica, en réxime ordinario ou para as persoas adultas, posibilitando a oferta de forma parcial dos ciclos formativos. Así mesmo, a Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro, con corrección de erros no DOG do 17 de outubro) regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas dúas ordes autorizan a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións que cumpriren para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nelas e, na súa virtude, esta dirección xeral

#### *RESOLVE:*

##### I. Funcionamento xeral dos ciclos formativos

###### Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2006-2007 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

###### Segundo.-Admisión e matrícula.

Segundo os artigos 4.1º e 4.2º da Orde do 31 de maio de 1999 e de conformidade co establecido no artigo 22.1º do Decreto 239/1995, o alumnado poderá realizar a matrícula para un mesmo ciclo formativo en réxime ordinario un máximo de dúas veces.

1. A primeira matrícula realizarase para todo o ciclo formativo.

2. A formalización da segunda matrícula en ciclos formativos do alumnado repetidor non precisa reiniciar o proceso de admisión recollido na Orde do 12 de abril de 2002 e na Orde do 24 de abril de 2000. En caso de o facer, será excluído do proceso de adxudicación. Esta matrícula afectará unicamente aqueles módulos pendentes de superación.

3. O alumnado que causase baixa nun ciclo formativo durante a primeira matrícula ou consumise a súa primeira matrícula con anterioridade ao curso académico actual deberá solicitar unha segunda matrícula perante a dirección do centro para continuar os seus estudos no mesmo centro e no mesmo ciclo, acreditando, no momento de realizar a nova solicitude de inscrición, os módulos xa superados mediante unha certificación académica.

A dirección do centro resolverá sobre a procedencia da matrícula en función da dispoñibilidade de prazas antes da finalización do prazo de matrícula para o alumnado de novo ingreso.

Este alumnado non poderá acollerse ao proceso de admisión recollido na Orde do 12 de abril de 2002 e na Orde do 24 de abril de 2000. En caso de o facer, será excluído do proceso de adxudicación.

Se o alumnado desexa cursar a segunda matrícula nun centro distinto a aquel en que se cursase a primeira, deberase formalizar a segunda matrícula no centro de orixe e, posteriormente, iniciar o procedemento de traslado de matrícula a que se fai referencia no artigo 3º desta resolución.

4. O alumnado procedente de renuncia unicamente deberá solicitar a reincorporación nas mesmas datas que o alumnado repetidor.

5. A matrícula en ciclos formativos polo réxime ordinario non poderá ser compatible coa matrícula en calquera ensinanza do mesmo réxime. Só no caso de ciclos formativos de réxime diferente e compatibilidade horaria do 90% será posible realizar a matrícula simultánea en dous ciclos formativos, coa autorización do Servizo Provincial de Inspección Educativa.

6. O alumnado que esgotase as dúas matrículas a que se ten dereito polo réxime ordinario e non conseguise titularse por non superar todos os módulos deberá rematar os seus estudos polo réxime de persoas adultas. No caso de non estar implantado neste réxime o ciclo que se estea a estudar no centro, deberase solicitar ante a dirección a autorización

dunha matrícula excepcional para poder rematar os estudos. A dirección do centro deberá tramitar a dita solicitude, xunto coa certificación académica, os informes da titoría e da dirección do centro sobre a procedencia ou non da matrícula, no Servizo Provincial de Inspección Educativa, que lle deberá comunicar á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a procedencia ou non da concesión desa autorización.

O prazo de presentación de solicitudes de matrículas excepcionais abranguerá desde o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o 31 de outubro.

No caso dos centros privados, a dirección dará traslado das solicitudes ao centro público a que estea adscrito no prazo de cinco días.

7. O alumnado con titulacións obtidas fóra do Estado español que non presentase a credencial de homologación de estudos expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia para o seu acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica deberá presentala no centro educativo onde obtivese praza antes da avaliación final ordinaria de módulos do primeiro ano. En caso contrario, o centro requiriralles a dita credencial e informaraos de que de non a presentar antes desta avaliación quedará sen efecto a súa matrícula.

#### Terceiro.-Traslado de matrícula.

1. Cando o alumno ou a alumna soliciten o traslado a outro centro antes da conclusión do ciclo formativo, o centro de orixe, a través do Servizo Provincial de Inspección Educativa correspondente, remitirá ao de destino, ademais do expediente académico, o informe de avaliación individualizado en que deberán constar, de xeito claro, os módulos que están en primeira ou en segunda matrícula, así como os tipos de avaliación (ordinaria ou extraordinaria) a que foran sometidos os módulos non superados, incluíndo as cualificacións parciais ou valoracións da aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, así como as medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular tomadas, elaborado polo titor ou a titora do ciclo formativo a partir dos datos facilitados polo profesorado e o libro de cualificacións.

2. O proceso que deben seguir o alumnado e os centros será o seguinte:

1º. O alumno ou a alumna solicita o traslado no centro en que estea matriculado, indicando con claridade as razóns que xustificarian a súa aceptación.

2º. O centro traslada esta solicitude ao Servizo Provincial de Inspección Educativa, xunto cunha certificación académica e o informe de avaliación individualizado.

3º. O Servizo Provincial de Inspección Educativa, unha vez comprobada a existencia de vacantes e valoradas as razóns que alegue a persoa solicitante, resolverá sobre a solicitude.

4º. No caso de traslado a outra provincia, o Servizo Provincial de Inspección Educativa será o encargado de trasladar a solicitude ao Servizo Provincial de Inspección do centro solicitado.

3. Ao alumnado que iniciase os estudos en administracións educativas onde a programación dos módulos estea secuenciada en períodos educativos diferentes aos da Comunidade Autónoma de Galicia confeccionáraselle un horario o máis favorable posible, dentro das posibilidades horarias do centro, logo de informe do Servizo Provincial de Inspección Educativa, por solicitude da persoa interesada ante a dirección do centro. Así mesmo, o centro informará a este alumnado dos módulos que teña pendentes de cursar para a obtención do título e a súa secuencia, así como dos módulos que deba ter superados antes da realización do módulo de formación en centros de traballo, de ser o caso.

#### Cuarto.-Horario do ciclo formativo.

1. A distribución trimestral dos módulos que constitúen o ciclo formativo e o seu número de horas serán os que se indican no anexo desta resolución, no que tamén se reflicte para os centros sostidos con fondos públicos o número de sesións semanais que corresponde no caso de organización horaria en sesións de 50 minutos.

2. Aqueles centros que establezan no seu proxecto curricular unha modalidade horaria especial, con base nas súas características específicas ou polas dos ciclos que imparten, deberano solicitar á delegación provincial correspondente, que, tras o informe do Servizo Provincial de Inspección Educativa, resolverá o que proceda, respectando, en todo caso, a distribución trimestral e o número de horas totais dos módulos que aparecen no anexo desta resolución.

3. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar outras modalidades horarias diferentes adecuadas ás singulares características de colectivos concretos.

4. Coa finalidade de que se poida verificar o cumprimento do horario mínimo establecido para cada un dos módulos de cada ciclo, a dirección do centro remitiralle ao Servizo Provincial de Inspección Educativa antes do 20 de outubro un calendario no cal vaian especificados os días lectivos de formación no centro educativo, xunto co horario semanal do grupo incluído no documento, segundo o establecido no proxecto curricular do centro.

#### Quinto.-Horario do profesorado de centros públicos.

Cando as características horarias dos módulos para os cales o profesorado de cada departamento teña atribución docente non permitan completar, na asignación inicial de módulos, o horario lectivo legalmente establecido, as horas que falten deberanse dedicar a outras actividades lectivas, tales como impartición de materias afíns doutros departamentos, actividades de reforzo ou recuperación do alumnado do propio departamento, apoio á docencia noutros

niveis, ou participación nalgún proxecto docente ou complementario incluído na programación xeral do centro, realización da titoría do módulo de formación en centros de traballo e/ou colaboración na súa coordinación e no seu desenvolvemento.

#### Sexto.-Profesorado de centros públicos.

1. Cada módulo profesional dun ciclo formativo constitúe unha unidade de oferta formativa e, xa que logo, será impartido, con carácter xeral, por un só profesor, con excepción daqueles en que se recolla a colaboración dun profesor especialista, a teor do establecido no artigo 33.2º da Lei 1/1990, os que se realicen pola modalidade de oferta parcial e, se procede, o de formación en centros de traballo.

2. A composición do equipo docente dun ciclo formativo deberá ser a necesaria en función dos módulos que compoñan o ciclo, a proporción e o número de grupos. En todo caso, esta composición será o máis reducida posible co fin de facilitar a cohesión e a coordinación deste.

3. Igualmente, deberase garantir a coordinación entre os equipos docentes que imparten ciclos formativos correspondentes á mesma familia profesional e entre os que imparten módulos profesionais que son transversais a diferentes ciclos formativos dunha ou varias familias profesionais.

4. Mentres que o alumnado do ciclo formativo estea a realizar o módulo profesional de formación en centros de traballo, o xefe ou a xefa de estudos, co apoio da persoa responsable da titoría do ciclo formativo e da xefatura do departamento, elaborará o novo horario do profesorado que quede coas horas vacantes, e darallo a coñecer ao profesorado e, de ser o caso, aos pais ou tutores legais. Durante este período, o profesorado con atribución docente no ciclo ou no módulo realizará, entre outras, as seguintes actividades:

a) Impartición e avaliación de actividades de recuperación ao alumnado que teña pendente de superar algún módulo profesional. Para tal fin, a persoa responsable da xefatura de estudos, co apoio do titor ou a titora do ciclo formativo, elaborará o novo horario do profesorado que resulte con horas vacantes.

b) Elaboración de propostas de modificación e actualización permanente do proxecto curricular do ciclo. Esta actividade implicará un só profesor ou unha soa profesora do departamento, que a desenvolverá en non máis de tres horas semanais do seu horario individual, sempre baixo a coordinación e o seguimento do xefe ou da xefa do seu departamento.

c) Apoio naqueles módulos con alumnado repetidor, pertencente a ciclos formativos da mesma familia profesional, para o cal se teña atribución docente, segundo figura nos decretos que regulan os correspondentes currículos.

d) Apoio aos programas de garantía social (PGS) ou programas de iniciación profesional (PIP), e ás materias de iniciación profesional ofrecidas na ESO

pertencentes á mesma familia profesional do ciclo do que o profesor ou a profesora liberen horas lectivas.

e) Impartición de actividades de formación profesional ocupacional e formación profesional continua, en caso de estaren autorizadas no centro educativo.

f) Apoio á titoría de ciclos formativos e á coordinación e o seguimento da FCT.

g) Realización voluntaria de operacións programadas polo departamento para a mellora das instalacións onde se imparta o ciclo formativo.

h) Participación nas actividades de actualización e formación que convoque a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

i) Outras que a dirección do centro lle encomende.

En calquera caso, a permanencia obrigatoria en horario fixo no centro do profesorado afectado polo cambio de horario será de 23 horas semanais, e a súa permanencia mínima diaria no centro non será inferior ás tres horas, en cumprimento dos artigos 79 e 81, respectivamente, da Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro).

A proposta do novo horario enviarase, para a súa aprobación definitiva, ao servizo correspondente de inspección educativa, despois de finalizada a avaliación ordinaria previa á realización da FCT, no prazo de cinco días.

#### Sétimo.-Titoría de ciclos.

1. En cada sesión de avaliación, o equipo docente do ciclo formativo estará formado polo titor ou a titora do grupo e o profesorado que impartira a docencia nos distintos módulos durante ese período avaliativo.

2. A redución horaria para as persoas responsables da titoría de ciclos formativos, establecida no artigo 84 da Orde do 1 de agosto de 1997, será de ata tres horas semanais para todo o ciclo formativo e aplicarase toda a redución no segundo ano. Nos ciclos formativos de ata 1.400 horas, unha vez rematada a FCT, a dirección do centro reasignará estas horas para actividades lectivas ou complementarias, en función das necesidades do centro.

#### Oitavo.-Alumnado repetidor (segunda matrícula).

1. O alumnado que teña módulos pendentes logo da avaliación final extraordinaria de módulos deberá repetir todas as actividades programadas para o módulo ou os módulos pendentes de superación formalizando unha segunda matrícula, segundo se establece no artigo 12 da Orde do 16 de xullo de 2002. No caso de ciclos de dous anos de duración, pódense presentar diversos casos, que implican un tratamento diferente canto ao agrupamento para a asistencia ás clases e ás datas de avaliación.

1.1. Se os módulos pendentes corresponden ao mesmo período educativo, primeiro ano ou segundo ano do ciclo formativo, este alumnado incorporase

directamente, para todos os efectos, co alumnado do ano correspondente. A sesión de avaliación previa á FCT será na mesma data que a avaliación final ordinaria dos módulos cursados (decembro ou marzo para os de segundo ano ou xuño para os de primeiro ano).

1.2. Se os módulos pendentes son de períodos educativos diferentes, pódense dar os seguintes casos:

a) Que exista compatibilidade horaria no mesmo período lectivo:

-Neste caso, o alumnado cursará os módulos de cada ano nos correspondentes ciclos formativos que estean en funcionamento e será avaliado en acta independente (a finais de decembro ou marzo dos módulos do segundo ano, e a finais de xuño dos módulos do primeiro ano).

-A sesión de avaliación ordinaria previa á FCT realizarase sempre, para este alumnado, no mes de xuño.

b) Con incompatibilidade horaria nun só módulo pendente do primeiro ano pódense dar dous casos:

-Que o módulo coincidente de primeiro ano non exceda as 90 horas: o alumnado poderá optar por cursar simultaneamente os módulos pendentes en que se dá compatibilidade horaria e realizar a formación do módulo pendente de primeiro ano, que ten incompatibilidade horaria, durante o terceiro trimestre (de abril a xuño) nos ciclos con FCT dun trimestre, ou no segundo e no terceiro trimestre (de decembro a xuño) nos ciclos con FCT de dous trimestres. Este alumnado avaliaranse en acta especial de alumnado repetidor dos módulos de segundo no mes de decembro ou marzo e dos módulos de primeiro no mes de xuño. Seguidamente realizarase a avaliación previa á FCT.

-Que o módulo coincidente de primeiro exceda as 90 horas: neste caso os alumnos cursarán o ciclo formativo ano a ano.

c) Con incompatibilidade horaria en máis dun módulo pendente:

Neste caso, o alumnado cursará o ciclo formativo ano a ano, co resto do alumnado ordinario que se incorpore a un ciclo novo.

2. Entenderase por incompatibilidade horaria entre dous ou máis módulos a coincidencia horaria en, cando menos, o 10% do horario dalgún deles. En ningún caso a suma das horas dos módulos para cursar superará as 960 horas por curso académico.

3. Para os efectos de sesión de avaliación e xestión administrativa de alumnos, os repetidores de ciclo figurarán nunha acta específica (modelo do anexo I (a) da Orde do 16 de xullo de 2002), indicando no cadro nomeado «Matrícula» as palabras «segunda (repetidores)».

4. Nas actas de avaliación do alumnado de segunda matrícula deben figurar todos os módulos, mesmo os xa superados nunha primeira matrícula, que se

consignarán coas iniciais AM (aprobado en matrícula anterior).

Noveno.-Perda do dereito á avaliación continua.

1. O centro deberalle comunicar formalmente ao alumnado a perda do dereito á avaliación continua cando se dean as circunstancias establecidas no artigo 3.3º da Orde do 16 de xullo de 2002, facendo constar que se lle poderá reclamar á dirección do centro e indicando de xeito expreso os prazos para o facer.

2. En caso de perda do dereito á avaliación continua o alumnado ten dereito á avaliación final do módulo, nos termos que establece o artigo 4.2º da Orde do 16 de xullo de 2002, que regula as avaliacións.

3. Para este caso cómpre establecer no proxecto curricular do ciclo (PCC) de cada un dos módulos o procedemento de avaliación ordinaria non continua, de xeito que o alumnado coñeza o procedemento para a súa avaliación final.

Décimo.-Inscripcións nas actas de avaliación.

1. Nas actas de avaliación parcial de módulos, a perda do dereito á avaliación continua consignarase coas iniciais PD (perda do dereito á avaliación continua).

2. Nas actas de avaliación parcial e final, os módulos non avaliados na sesión consignaranse, segundo os períodos lectivos a que correspondan, coas iniciais seguintes:

Pendente de avaliación: PA.

Avaliado anteriormente: AA.

3. Nas actas de avaliación final extraordinaria de módulos, os aprobados en convocatoria anterior consignaranse coas iniciais AC (avaliado en convocatoria anterior).

4. Na avaliación dos alumnos repetidores, os módulos aprobados nunha matrícula anterior consignaranse nas actas de avaliación coas iniciais AM.

5. En todas as actas de avaliación, os módulos que como resultado do proceso de validación ou correspondencia coa práctica laboral obtivesen resolución positiva, consignaranse respectivamente coas seguintes iniciais:

Exento: EX.

Validado: VA.

6. No caso de que a FCT, recollida no calendario e plan de visitas, supere a duración dun ou de dous trimestres, en función do ciclo, o alumnado implicado cualificarase na acta do grupo a que pertence con PA. Unha vez rematada a FCT, consignarase a cualificación nunha acta á parte e a súa proposta de título realizarase na proposta inmediata seguinte que corresponda segundo o calendario delas.

Décimo primeiro.-Ciclos formativos en réxime modular.

1. De conformidade co artigo 5.3º da Orde do 31 de maio de 1999, e co obxecto de lles ofrecer ás persoas adultas a posibilidade de mellorar a súa cualificación profesional, permitirase a flexibilización das ensinanzas neste réxime, ao non estar supe-ditadas á rixidez da carga lectiva semanal do réxime ordinario. En calquera caso, respectarase a carga horaria correspondente a cada módulo.

2. A matrícula realizarase de xeito diferenciado por módulos e terá carácter anual.

Décimo segundo.-Actividades de recuperación.

Consonte o establecido no artigo 11 da Orde do 16 de xullo de 2002, nas actividades de recuperación programadas para os módulos poderán preverse os seguintes casos:

A) Primeira matrícula.

1. Os labores de recuperación do alumnado con módulos pendentes que non acceda á FCT serán asumidos polo profesorado que libere horario docente durante este período. O desenvolvemento destas actividades de recuperación asignaráselle a cada profesor ou profesora en función da súa especialidade docente, da organización do departamento e da reestruturación do horario para este período. O novo horario elaborado comunicaráselle expresamente ao Servizo Provincial de Inspección Educativa no prazo de cinco días, despois da avaliación previa á FCT.

2. As actividades de recuperación e avaliación de módulos pendentes, despois de rematado o período docente ordinario destinado a cada ciclo, realizaranse segundo os casos seguintes:

a) Nos ciclos de 1.300, 1.400 ou 1.700 horas.

O período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT abranguerá desde o 1 de setembro ata, como mínimo, o 20 de outubro.

-A dirección do centro habilitará o horario do profesorado necesario para desenvolver as actividades de recuperación establecidas para este alumnado na sesión de avaliación previa á FCT.

-A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos terá lugar entre os días 20 e 29 de outubro.

b) Nos ciclos de 2.000 horas, cun período de FCT dun trimestre de duración.

-O período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT por ter módulos pendentes, tanto do primeiro como do segundo ano, abranguerá desde a data da avaliación previa á FCT do mes de marzo ata o 15 de xuño.

-A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos realizarase nas mesmas datas que a avaliación final ordinaria do ciclo formativo.

c) Nos ciclos de 2.000 horas, cun período de FCT de dous trimestres de duración.

O período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT por ter módulos pendentes, tanto do primeiro como do segundo ano, abranguerá desde a data da avaliación previa á FCT do mes de decembro ata o 15 de xuño.

3. A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos realizarase nas mesmas datas que a avaliación final ordinaria do ciclo formativo.

B) Segunda matrícula.

1. Nos ciclos formativos de 2.000 horas con FCT menor ou igual de 420 horas, o período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT, por ter módulos de primeiro pendentes, abranguerá desde o 1 de setembro ata, como mínimo, o 20 de outubro.

2. A dirección do centro habilitará o horario do profesorado necesario para desenvolver as actividades de recuperación establecidas para este alumnado na sesión de avaliación previa á FCT.

3. A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos terá lugar entre os días 20 e 29 de outubro.

Décimo terceiro.-Validacións e correspondencias.

1. Aquelas validacións previstas no artigo 18.4º da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro), nas que o centro non sexa competente para a súa resolución, o centro educativo deberá remitirlas á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais antes do día 5 de decembro de 2006, para os efectos da súa tramitación ante o Ministerio de Educación e Ciencia.

2. O alumnado que seguindo o procedemento establecido no punto V da Orde do 16 de xullo de 2002 estea pendente de validación nalgún módulo, deberá asistir ás clases e ser avaliado nestes módulos ata que a validación se faga efectiva. Se a confirmación da validación é posterior ás avaliacións finais, deberánse facer as dilixencias oportunas de modificación da cualificación en todos os documentos oficiais: actas, expedientes e libros.

Décimo cuarto.-Renuncias á matrícula.

1. A renuncia á matrícula do ciclo, que está regulada procedementalmente polo artigo 6 da Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo, con corrección de erros no DOG do 23 de xullo), é de aplicación á renuncia do módulo da FCT unha vez superados os módulos de formación no centro educativo.

2. A renuncia á matrícula do ciclo afectará exclusivamente todos os módulos pendentes de avaliación final, e en ningún caso se farán renuncias por módulos.

3. Naqueles módulos que fosen obxecto de avaliación final (ordinaria e/ou extraordinaria), computaranse as correspondentes convocatorias como xa consumidas, para os efectos das limitacións establecidas no artigo 4.1º da Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo, con corrección de erros no DOG do 23 de xullo).

4. A renuncia á matrícula dun ciclo formativo é incompatible coa matrícula noutro ciclo formativo do mesmo réxime de ensinanzas, considerando os réximes establecidos no artigo 3 da Orde do 31 de maio de 1999. A incorporación a outros estudos, de ser o caso, implica a necesidade de causar baixa no ciclo que se estea a realizar e de someterse a un novo proceso de admisión.

5. Para non perder a convocatoria, a solicitude de renuncia débese presentar cunha antelación mínima de dous meses con respecto á avaliación final ordinaria dos módulos correspondentes.

#### Décimo quinto.-Títulos.

As sesións de avaliación final extraordinaria de ciclo e as propostas de títulos realizaranse tres veces por ano, ao final de cada trimestre lectivo: xuño, decembro e marzo.

Décimo sexto.-Módulo profesional de segunda lingua estranxeira.

1. Os centros realizarán a oferta do módulo profesional de segunda lingua estranxeira para os ciclos formativos en que así se establece no anexo desta resolución, consonte os recursos dispoñibles, de entre os seguintes: alemán, francés, italiano e portugués.

2. En todo caso, a lingua que se imparta será a mesma para todo o alumnado do grupo.

Décimo sétimo.-Módulo profesional de proxecto integrado (PI).

1. Este módulo será impartido con carácter globalizador de todas as ensinanzas que constitúen o ciclo formativo.

2. O módulo de proxecto integrado será impartido preferentemente por profesorado que imparta clase nos módulos do ciclo formativo correspondente.

3. A programación deste módulo será elaborada polo profesor ou a profesora que se encargue del e deberá ser aprobada polo equipo docente do ciclo, que supervisará a súa impartición.

4. O módulo de proxecto integrado debe contribuír de xeito específico ao logro das seguintes finalidades:

-Comprender globalmente aspectos sobresalientes da competencia profesional característica do título que se abordasen noutros módulos profesionais do ciclo formativo.

-Integrar ordenadamente distintos coñecementos sobre organización, características, condicións, tipoloxías, técnicas e procesos que se desenvolvan nas diferentes actividades produtivas do sector a que corresponde o título.

-Adquirir, de ser o caso, coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que favorezan o desenvolvemento daquelas capacidades relacionadas coa profesión para a que se forma que, aínda sendo

demandadas polo ámbito produtivo en que radica o centro, non se poidan recoller no resto de módulos profesionais.

5. O proxecto integrado desenvolverase tomando como referencia un proceso produtivo, real ou simulado, e deberá cumprir o seguinte:

-Analizar a relación e a contribución das distintas etapas da organización, a programación e o control dun proceso.

-Determinar as especificacións do proceso produtivo dun artigo (materia prima, medio produtivo, método operativo, etc.) e os métodos que aseguren a calidade, a partir das especificacións dun deseño, dun pedido, de obxectivos de calidade, dos recursos dispoñibles e de catálogos comerciais de materiais.

-Determinar a viabilidade das especificacións do proceso de produción e, de cumprir, as medidas correctoras a partir da elaboración e a avaliación do prototipo.

-Determinar a cantidade de recursos, o nivel óptimo de existencias, os sistemas de traballo e de control da produción máis adecuados e a organización das liñas de produción, aprovisionamento e mantemento preventivo dos recursos, así como as fases produtivas necesarias para a produción, en función dos recursos dispoñibles, do volume do pedido, da súa variedade e dos prazos establecidos.

-Determinar as medidas correctoras que se deban tomar e a súa viabilidade no hipotético proceso de produción, para garantir as condicións de produción establecidas, considerando as posibles anomalías, incidencias ou desviacións simuladas.

6. Este módulo forma parte do currículo dos ciclos formativos de grao superior que se indica no anexo desta resolución. A avaliación farase de xeito individual por cada alumno ou alumna e tomando como referencia as capacidades terminais elementais que se indican no módulo.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-A dirección dos centros educativos que impartan estas ensinanzas arbitrarán as medidas necesarias para que esta resolución sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa.

Segunda.-As delegacións provinciais, a través dos servizos provinciais de Inspección Educativa e dos directores e as directoras dos centros educativos, garantirán o cumprimento do disposto nesta resolución e asesorarán os centros sobre o seu contido.

Terceira.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2006.

Antonio Vázquez Vázquez  
Director xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

ANEXO

Distribución trimestral dos módulos que constitúen cada ciclo formativo e o seu número de horas e sesións semanais de 50 minutos

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesións de 50'				
CM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	2.000	1º, 2º e 3º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	7				
				CM0003	Aproveitamentos cinexéticos e piscícolas	110	4				
				CM0004	Aproveitamentos forestais	185	7				
				CM0022	Mecanización agraria	215	8				
				CM0025	Producción de plantas	215	8				
				CM0001	Actividades de uso público en espazos naturais	90	5				
				CM0008	Conservación e defensa das masas forestais	240	13				
				CM0009	Formación e orientación laboral	55	3				
				CM0020	Instalacións agrarias	110	6				
				CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6				
				CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	3				
				CM0014	Formación en centros de traballo	380	0				
				CMFHADC	Horas á disposición do centro	50	2				
				CM01002	Xardinaría	2.000	1º, 2º e 3º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	7
								CM0019	Implantación de xardíns e zonas verdes	215	8
								CM0022	Mecanización agraria	215	8
								CM0025	Producción de plantas	215	8
								CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
								CM0009	Conservación e mellora de xardíns e zonas verdes	145	6
								CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
CM0020	Instalacións agrarias	110	6								
CM0023	Métodos de control fitosanitario	130	7								
CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6								
CM0028	Xardinaría de interiores e arranxos florais	110	6								
CM0015	Formación en centros de traballo	380	0								
CMFHADC	Horas á disposición do centro	75	3								
CM01003	Explotacións agrarias extensivas	2.000	1º, 2º e 3º					CM0002	Agrotecnoloxía	185	7
								CM0012	Cultivos herbáceos	185	7
								CM0020	Instalacións agrarias	110	4
								CM0022	Mecanización agraria	215	8
								CM0027	Producción gandeira ligada á terra	215	8
								CM0010	Cultivos arbóreos e arbustivos	200	11
								CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
				CM0021	Manexo racional do gando	165	9				
				CM0023	Métodos de control fitosanitario	130	7				
				CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6				
				CM0016	Formación en centros de traballo	380	0				
				CMFHADC	Horas á disposición do centro	50	2				
				CM01004	Explotacións agrícolas intensivas	2.000	1º, 2º e 3º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	7
								CM0013	Cultivos hortícolas	240	9
								CM0020	Instalacións agrarias	110	4
								CM0023	Métodos de control fitosanitario	130	5
								CM0025	Producción de plantas	215	8
								CM0011	Cultivos frutícolas	280	15
								CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
								CM0022	Mecanización agraria	215	12
CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6								
CM0017	Formación en centros de traballo	380	0								
CMFHADC	Horas á disposición do centro	80	3								

  

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesións de 50'								
CM01005	Explotacións gandeiras	2.000	1º, 2º e 3º	CM0005	Coidados básicos, doma e adestramento do cabalo e outros animais	160	6								
				CM0021	Manexo racional do gando	165	6								
				CM0022	Mecanización agraria	215	8								
				CM0026	Producción gandeira intensiva	345	13								
				CM0002	Agrotecnoloxía	185	10								
				CM0006	Coidados aos animais de compañía	110	6								
				CM0007	Coidados aos animais de experimentación e outros pequenos animais	90	5								
				CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3								
				CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6								
				CM0018	Formación en centros de traballo	380	0								
				CMFHADC	Horas á disposición do centro	75	3								
				CM02001	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	1.400	1º, 2º e 3º	CM0029	Actividades físicas para persoas con discapacidades	55	2				
								CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3				
								CM0030	Condución de grupos de cabalo e coidados equinos básicos	215	8				
								CM0031	Condución de grupos en bicicleta	130	5				
								CM0032	Desprazamento, estadia e seguridade no medio terrestre	215	8				
								CM0033	Dinámica de grupos	55	2				
								CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2				
								CM0035	Fundamentos biolóxicos, saúde e primeiros auxilios	80	3				
								CM0034	Formación en centros de traballo	440	0				
CMFHADC	Horas á disposición do centro	75	3												
CM03001	Merquillo a media profundidade	1.400	1º, 2º e 3º					CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3				
								CM0039	Fisioterapia do merquillo e asistencia sanitaria de urxencia a merquilladores	80	3				
								CM0044	Formación e orientación laboral	55	2				
								CM0054	Imersión a media profundidade	240	9				
								CM0055	Procedementos de corte e soldadura subacuática	110	4				
								CM0057	Reparacións en flotación e refinoamentos	160	6				
								CM0040	Formación en centros de traballo	440	0				
								CMFHADC	Horas á disposición do centro	50	2				
								CM03002	Operacións de cultivo acuícola	1.700	1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
												CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
				CM0045	Instalacións e equipos de cultivo	110	4								
				CM0052	Parámetros e condicións dos cultivos	80	3								
				CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2								
				CM0058	Técnicas de cultivo de crustáceos	80	3								
				CM0059	Técnicas de cultivo de moluscos	185	7								
				CM0060	Técnicas de cultivo de peixes	160	6								
				CM0061	Técnicas de cultivos auxiliares	80	3								
				CM0041	Formación en centros de traballo	740	0								
				CMFHADC	Horas á disposición do centro	75	3								
				CM03003	Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque	2.000	1º, 2º e 3º					CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2												
CM0046	Automatización, regulación e control de máquinas e máquinas eléctricas	160	6												
CM0047	Lingua estranxeira (inglés)	110	4												

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesiones de 50'
CM06001	Comercio	1.400	1º, 2º e 3º	CM06001	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	4
				CM06002	Ensamblaxe e filación de textos e imaxes	345	19
				CM06003	Materias primas en artes gráficas	106	6
				CM06004	Montaxe e obtención da forma impresora	380	0
				CM06005	Formación en centros de traballo	80	3
				CM06006	Horas á disposición do centro	130	5
				CM06007	Animación do punto de venda	160	6
				CM06008	Aplicacións informáticas de propósito xeral	110	4
				CM06009	Formación e orientación laboral	55	2
				CM06010	Lingua estranxeira (inglés)	110	4
CM07001	Laboratorio de imaxe	1.400	1º, 2º e 3º	CM07001	Operacións de almacenaxe	110	4
				CM07002	Operacións de venda	180	6
				CM07003	Relacións no equipo de traballo	55	2
				CM07004	Formación en centros de traballo	440	0
				CM07005	Horas á disposición do centro	70	3
				CM07006	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
				CM07007	Formación e orientación laboral	55	2
				CM07008	Positivado, ampliación e acabados	215	8
				CM07009	Procesos de imaxe fotográfica	105	4
				CM07010	Revelado de soportes fotosensibles	215	8
CM08001	Acabados de construción	2.000	1º, 2º e 3º	CM08001	Tratamento de imaxes fotográficas por procedementos dixitais	215	8
				CM08002	Formación en centros de traballo	440	0
				CM08003	Horas á disposición do centro	75	3
				CM08004	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
				CM08005	Formación e orientación laboral	320	12
				CM08006	Organización dos traballos de acabados de construción	135	5
				CM08007	Paneis prefabricados	345	13
				CM08008	Pavimentación e colocación de azulexos	55	3
				CM08009	Formación e orientación laboral	185	10
				CM08010	Pinturas e vernices	200	11
CM08002	Obras de albanelaría	2.000	1º, 2º e 3º	CM08002	Revestimentos continuos conglomeraos	110	6
				CM08003	Revestimentos en láminas	110	6
				CM08004	Seguridade na construción	380	0
				CM08005	Formación en centros de traballo	80	3
				CM08006	Horas á disposición do centro	80	3
				CM08007	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
				CM08008	Conducións lineais sem presión	130	5
				CM08009	Obras de fábrica	350	13
				CM08010	Organización dos traballos de obras de albanelaría	320	12
				CM08011	Cubertas e impermeabilizacións	240	13
CM08003	Obras de formiçón	2.000	1º, 2º e 3º	CM08003	Formación e orientación laboral	55	3
				CM08004	Relacións no equipo de traballo	55	3
				CM08005	Revestimentos continuos conglomeraos	200	11
				CM08006	Seguridade na construción	110	6
				CM08007	Formación en centros de traballo	380	0
				CM08008	Horas á disposición do centro	80	3
				CM08009	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
				CM08010	Armaduras	375	14
				CM08011	Conducións lineais sem presión	130	5
				CM08012	Organización dos traballos de obras de formiçón	320	12

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesiones de 50'				
CM03004	Pesca e transporte marítimo	2.000	1º, 2º e 3º	CM03004	Operación e mantemento dos equipos de propulsión e servizos	160	6				
				CM03005	Operacións auxiliares de mantemento industrial	290	11				
				CM03006	Relacións no equipo de traballo	55	2				
				CM03007	Formación en centros de traballo	710	0				
				CM03008	Formación e orientación laboral	55	6				
				CM03009	Operación e mantemento dos sistemas frigoríficos e de produción	165	18				
				CM03010	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar	110	12				
				CM03011	Horas á disposición do centro	55	2				
				CM04001	Xestión administrativa	1.300	1º, 2º e 3º	CM04001	Administración do buque	80	3
								CM04002	Automatización: regulación e control	130	5
CM04003	Lingua estranxeira (inglés)	110	4								
CM04004	Navegación e comunicacións do buque	240	9								
CM04005	Pesca, extracción e conservación	240	9								
CM04006	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar	110	4								
CM04007	Formación en centros de traballo	710	0								
CM04008	Estabilidade e manobra do buque	220	24								
CM04009	Formación e orientación laboral	55	6								
CM04010	Relacións no equipo de traballo	50	2								
